

A COBIZA QUE (NON) ROMPE O SACO

XOSÉ MONTEAGUDO PUBLICA A NOVELA GALARDOADA CO GARCÍA BARROS: UNHA PROPOSTA PARA UN AMPLO ESPECTRO DE LECTORES E SUSTENTADA NA HISTORIA DUN DESFALCO BANCARIO

Tras a ruptura de tópicos arredor da Galicia do interior, presentada ao abeiro dunha estrutura anovadora que se ensaiaba en *As voces da noticia* (2002), e logo de *Esta historia* (2006), unha fermosa novela de amizades e esquecementos con fondo compostelán, Xosé Monteagudo (Moraña, 1965) conseguiu o premio García Barros con *Un tipo listo*: unha moi digna novela que a primeira reflexión que nos suscita é a de que se estamos precisados de ampliar o noso número de lectores, e se cómpre facelo con produtos concibidos con calidade e dotados dun certo nivel de esixencia, velaquí outra oportunidade pois, sen ningún xénero de dúbidas, estas páxinas presentan un perfil máis que acaído para encaixar na devandita dimensión.

A historia, como as boas historias, que aquí desenvolve Monteagudo é sinxela: o fillo dun empregado bancario xa falecido vese involucrado nas consecuencias xudiciais, mais tamén emocionais, que un importante desfalco agora descuberto poden presentar tanto para el coma para o seu irmán, con quen mantén unha relación distante e fría, absolutamente desposuída de afectos. O argumento merecería un comentario máis amplo pois non deixa de ser significativo que se una a ese ronsel que procura «historias» con orixe, quer en asuntos de calado social quer de carácter (auto)biográfico, ficcionalizados ou non, como as propostas recentes de Cid Cabido, Inma López



Monteagudo desenvolve unha historia sinxela

Silva, Rosa Aneiros, Suso de Toro ou Xabier Quiroga por citar só algunhas entre as aparecidas nos últimos meses. Neste caso, a novela amosa certo aire de familia co asunto das irregularidades cometidas no seo do coñecido caso de Pepe o do Pastor, mais a súa peculiaridade, alén do xogo entre ficción e realidade, radica tanto na meditada dosificación da intriga detectivesca coma no ritmo que o protagonista-narrador lle imprime á súa propia historia a través da cal, transitando por un



NARRATIVA
«Un tipo listo»

Xosé Monteagudo.
Galaxia, 356 páxinas,
19 euros. ***

«Un tipo listo» convence porque o lector se interna con verismo nun camiño balizado polos muros da economía máis doméstica e cotiá

vieiro cheo de medias verdades, enganos, especulacións inmobiliarias, contabilidades paralelas, traizóns e subornos, ademais da descuberta sorprendente dun pasado descoñecido e oculto,

avanza inexorablemente ata unha conclusión na que os fios soltos se anoa con convicción e eficacia.

Un tipo listo, xaora, convence porque o lector se interna con verismo nun camiño balizado polos muros da economía máis doméstica e cotiá, no que un home con indiscutibles dotes para as relacións públicas, non un vulgar ladrón, sabe tirarlle partido de xeito que Monteagudo chega a dotalo dun perfil psicolóxico que case nos fai mirar con empatía as súas actividades delictivas polo enxeño e intelixencia que exhibe. E convence, porque escasas novelas coma esta son quen de espellar con tanta eficacia xa non só o barallete propio do universo bancario, senón tamén o xudicial con toda a súa maquinaria inherente. Alén diso, non faltan elementos que contribúan a que todo flúa con verosimilitude como a fractura matrimonial que vive o protagonista-narrador e outros factores como a reflexión sobre a relación entre o pai e o fillo, o universo das promocións profesionais, o mundo dos afectos e desafectos, a cobiza e o egoísmo ou os límites dun comportamento ético..., todo por xunto nunha novela que vai transformándose devagar nun documento narrativo persoal, case diría un testemuño documental e íntimo, co obxectivo de explicar como a cobiza, neste caso, non chegou a romper o saco ou cando menos como a morte o impediu.

Ramón Nicolás